

**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACION O
DIA 29 DE SETEMBRO DE 2017**

Asistentes

SR. ALCALDE:

FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ

CONCELLEIROS:

Polo BNG:

MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ
BERNARDO VARELA LÓPEZ

MANUEL CID PÉREZ
ALBERTO CONDE RODRIGUEZ

MARIA ISABEL POISA REY
FRANCISCO ALEJANDRO PIÑEIRO LOSADA

Polo PP:

LUZ DOPORTO REAL
JOSÉ DANIEL RODICIO PÉREZ

Polo PSdeG-PSOE:

ZAIDA AUXILIADORA RODRIGUEZ CAMBA

SECRETARIO:

Don Maximino Jardón Pedras

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Allariz, cando son as VINTE HORAS (20.00) do día VINTENOVE de SETEMBRO do DOUS MIL DEZASETE, previamente convocados, reuníronse os Sres. Concelleiros á marxe relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Francisco García Suárez, a fin de celebrar unha sesión ordinaria polo Pleno da Corporación.

Non asisten á sesión:

MARIA ELENA SUÁREZ ESTEVEZ,
concelleira do BNG.

MARIA TERESA DEVESA GRAÑA,
concelleira do BNG.

MARIA DEL CARMEN PÉREZ GONZÁLEZ,
concelleira do PP.

Previamente comunicaron a súa ausencia por razóns persoais.

Sen incidencias.

ORDE DO DIA

1. **ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión celebrada o 28.07.2017**
2. **Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**
3. **Adhesión ó convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras de Galicia e as entidades xestoras dos sistemas integrados de xestión (SIX) de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos (RAEE).**
4. **Festivos Locais 2018.- Aprobación, se procede.**
5. **Moción do BNG instando o establecemento dun Plan Único de Investimentos e Servizos para os concellos de menos de 20.000 habitantes por parte da Deputación Provincial.**
6. **Moción do BNG solicitando o mantemento do servizo de albergue do Camiño de Santiago no Convento de Santa Clara.**
7. **Moción do PsdeG-PSOE sobre distribución obxectiva e transparente do Plan Único para os concellos por parte da Deputación Provincial.**
8. **Moción do PP sobre a ocupación ilegal de inmobles.**
9. **Rogos e Preguntas.**

---&&&---

Cuestión de orde previa.-

ALTERACIÓN DA ORDE DO DÍA.- En virtude do disposto no artigo 91 ROF o alcalde comunica que os puntos 7 e 8 da orde do día altéranse de modo que se debatirá en primeiro lugar a moción do Partido Popular, atendendo ao principio de representatividade dos grupos municipais no pleno. É un uso e costume -sinala- que se ten seguido en todas confeccións das ordes do día día, polo que se corríxe o erro cometido.

1.- ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión celebrada o 28.07.2017.

Apróbase, sen modificación alguna, pola unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta Corporación local.

2. Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.

Están a disposición dos grupos políticos no Libro de Decretos, na Secretaría, sinala o alcalde.

3.- Adhesión ó convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras de Galicia e as entidades xestoras dos sistemas integrados de xestión (SIX) de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos (RAEE).

Da conta o concelleiro de medio ambiente, Bernardo Varela López, incidindo na conveniencia da adhesión do concello de Allariz a este convenio que, de feito, xa se viña cumprindo de forma

efectiva desde o ano 2009. Explica o concelleiro que a retirada e tratamento deste tipo de aparatos é unha obriga das propias empresas expendedoras. No caso de Allariz, hai un punto de almacenamento e a recollida faise puntualmente a petición dos propios interesados. A adhesión para o concello non supón ningún custe, mais ben ó contrario é un servizo englobado dentro do programa de reciclaxe que se está aplicando e considérase de gran interese para os veciños mantelo na forma actual, para recuperar este tipo de materiais da mesma forma que se fai cos demais a coste 0 para o concello.

Polo grupo municipal do Partido Popular o seu concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, manifesta que o seu grupo está a favor da adhesión sobre todo tratándose duns residuos altamente contaminantes, se ben bota en falta que non se lles houbera dado traslado dun dos documentos, unha ficha, dibidamente cuberto co datos que nel se expresan. Coa experiencia de varios anos, como se afirma, sería lóxico que se lles trasladara a información dispoñible que haberá que reflectir no formulario de adhesión. Concretamente convén coñecer o sistema de almacenamento de residuos, tipo de fraccións, e demais datos; mesmo os horarios e condicións de recollida deste tipo de aparatos. En canto se poda, pide que se lles facilite esta información. O seu grupo apoia a moción pero sorpréndelle que non se facilitara esta información xa con anterioridade cando o certo é que o concello xa leva varios anos con este tipo de residuos, conclúe.

Polo grupo municipal socialista do PSdeG-PSOE, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, adianta que o seu voto vai ser favorable, se ben prantexa dúas cuestións e unha puntualización. ¿A canto ascende a compensación económica por parte das entidades colaboradoras e cómo se vai proceder á recollida dos residuos? Pide tamén unha maior dilixencia á hora recoller este tipo de contenedores porque en moitas ocasións os contenedores rebordan, especialmente os que están na Emilia Pardo Bazán enfrente da rúa Oliveira.

Intervén a continuación o concelleiro de medio ambiente para explicar que, precisamente nesta semana recibíuse unha importante remesa de contenedores específicos de reciclaxe a través dun acordo con Ecoembes que refrenda o esforzo que se está a facer polo concello neste ámbito. Os últimos datos, do mes de agosto, reflicten un incremento do 8% sobre a cantidade de vidro recuperado, incremento importante porque partimos de 24 kg/h/ano, que é o máximo que hai en Galicia, e dun 9% dos residuos procedentes dos contenedores amarelos (plásticos, briks) e de papel-cartón tamén. Admite que en épocas puntuais (verán, especialmente) hai un incremento dos depósitos, polo que vaise aumentar o número dos contedores (21 mais), pero tamén ocorre a miúdo que se fai un mal uso depositando os cartóns fora, estando baleiros os contedores. En canto á recollida dos materiais voluminosos fanse catro recollidas anuais, tendo en conta a complexidade que supón polo número de núcleos de poboación, operando en datas moi concretas que coincide coas maiores estancias poboacionais (nadal, Semana Santa, verán) e tamén se fan recollidas puntuais previa petición dos usuarios e por razóns de urxencia. A recollida estase depositando nunha nave no Portiño onde se separa e clasifica o material en xaulas para o seu reciclaxe integral; as empresas encargadas da recollida entréganlle ó concello as fichas de recollida con copias para a Xunta de Galicia, o concello e empresas encargadas. Aclara o concelleiro que, en realidade, o concello non tería que facer estas recollidas porque a obriga é das empresas que venden os produtos pero, por circunstancias, a miúdo os aparatos quedan nas casas. En canto á contrapartida económica é practicamente nula porque o que se pretende é que non haxa contaminación ambiental e que non haxa custe para o concello, posto que a recollida ós veciños é gratuita por parte do concello.

O concelleiro do Partido Popular, José Daniel Rodicio Pérez, insiste en que esta información tiña que haberselles facilitado antes, con independencia do seu voto favorable.

Sometido o asunto a votación, apróbase pola unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta Corporación local, o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Autorizar a adhesión do Concello de Allariz ó convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de Galicia e as entidades xestoras dos sistemas integrados de xestión (SIX) de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos (RAEE).

SEGUNDO. Facultar ó Alcalde tan amplamente como en dereito proceda para expedir e asinar cantos documentos sexan necesarios para a debida execución do presente acordo, incluí a sinatura do convenio de adhesión se elo fora preciso.

4. Festivos Locais 2018.- Aprobación, se procede.

Da conta a concelleira de promoción económica, Cristina Cid Fernández, sinalando que, como en anos anteriores tráese ao pleno a proposta de festivos locais para o 2018 e, como ven sendo

tradicional, recorda o acordo que o grupo de goberno alcanzou no seu día coas Asociacións de Comerciantes e Hostaleiros para ver cáles eran os días mais axeitados e cáles eran os que acadaban un maior grao de consenso. Daquela acordouse coas directivas das asociacións manter o venres do Boi e o martes do Entroido. A proposta do grupo de goberno é a de manter estas dúas datas como se ten feito todos os anos e que gozan dos consensos dos comerciantes e hostaleiros.

Polo grupo municipal do Partido Popular o seu concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, sinala que, como observa que unha vez máis o grupo municipal de goberno ratificase na súa proposta de anos anteriores, o seu grupo sigue pensando que hai unha festa que non é axeitada, o martes do entroido, que en Allariz non ten unha tradición excesiva e o que fai é favorecer que a xente se desprece a outras localidades; cree que se debería potenciar a festa tradicional de S. Benito, que o festivo fora a o venres de S. Bieito, salvo que desde o grupo de goberno se pretenda que esa festa desapareza. Toda a programación da festa de S. Bieito conduce á nula existencia desta festa, está desaparecendo, e vai desaparecer cada vez máis –afirma. Se se puxera a décima parte do interese que se pon na festa do boi, que a él lle parece ben, se puxera tamén na festa do S. Bieito serían outras festas totalmente diferentes. E unha das formas de potenciar precisamente as festas tradicionais declarando festivo o día correspondente, neste caso o venres de S. Bieito, que é unha festa específica de Allariz e non unha festa máis como é o martes do entroido que é festivo na metade dos concellos da provincia. Unha festa específica de Allariz, tradicional da Vila, merece que se potencie, e unha forma de potenciala, ademais da programación que se fai é declarando festivo o venres.

Non hai intervención por parte do grupo municipal socialista.

Intervén finalmente o Alcalde para sinalar que, en todo caso, por parte do grupo de goberno non se está facendo ningunha deixación para que as festas de S. Bieito desaparezan senón que se está facendo un importante esforzo para intentar que as festas patronais teñan o sentido que lle corresponde, porque as festas mudaron e aquí, como en Celanova, en Xinzo ... e en moitos lugares, xa non teñen o mesmo sentido que tiñan antes as festas patronais. Recorda que agora mesmo, nas festas tradicionais de S. Bieito, prográmanse actividades, con bastante éxito, cun importante esforzo económico, non entorno dos 60 mil euros, aportados en boa medida polo propio concello, con experiencias como o combate naval que suscita o interese de milleiros de persoas, xornadas gastronómicas no venres no inicio da festa, verbenas e atraccións musicais, como tamén a programación relixiosa. Recorda que os intentos que se fixeron para declarar festivo o venres de S. Bieito non contribuíron a cambiar a dinámica. Non obstante, reafirma a súa disposición a escoitar propostas de cara á programación de actos de anos sucesivos para realzar a festa, pero hai que ser conscientes de que estamos nun contexto diferente ó que tiñan no seu día.

Polo exposto,

Visto o escrito da Xefatura Territorial do Servizo de Emprego e Economía Social da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con entrada neste Concello o 21/09/17 nº 3033, polo que comunica o calendario de festas estatais e autonómicas para o ano 2018 e solicita a proposta de festas locais para integrar o calendario laboral do vindeiro ano.

Resultando que o martes de entroido e o venres do boi se veñen consolidando como festivos locais tradicionais, pois contan cunha ampla aceptación social.

De conformidade coa normativa que resulta de aplicación, en particular o disposto no artigo 37.2º do Estatuto dos Traballadores, na súa redacción dada polo Real Decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, e o artigo 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo

O Pleno, pola maioría absoluta legal, cos votos a favor dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do BNG (7) e grupo municipal do PSdeG-PSOE (1), co voto en contra dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP (2), ACORDA:

PRIMEIRO. Aprobar como festas locais para o ano 2018, **o 13 de febreiro, martes de entroido, e o 1 de xuño, venres do boi**, que serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables.

SEGUNDO. Dar traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Taballo e Benestar aos efectos oportunos.-

5.- Moción do BNG instando o establecemento dun Plan Único de Investimentos e Servizos para os concellos de menos de 20.000 habitantes por parte da Deputación Provincial.

O Alcalde suxire dun debate conxunto dos puntos 5 e 6 por abordar ámbalas dúas mocións unha mesma temática. O BNG pretende propoñer unha enmeda transaccional ao grupo municipal socialista que, se se acepta, votariáse conxuntamente, se non fora así votariáanse separadamente cada unha das mocións.

Acéptase por asentimento unánime a proposta.

A continuación o propio Alcalde da conta da moción de data 26.09.2017 presentada polo grupo municipal do BNG que transcrita literalmente na parte dispositiva do presente acordo.

Seguidamente, toma a palabra a portavoz do grupo municipal socialista do PsdeG-PSOE, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, dando lectura á seguinte moción, de data 04.08.2017 presentada polo seu grupo, concluíndo a exposición sinalando que propón ó BNG un acordo de transacción consistente en introducir na parte dispositiva da moción presentada polo BNG o punto 3º da moción socialista.

Texto literal da moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que é competencia propia das deputacións provinciais a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica ós concellos, especialmente ós de menor capacidade económica e de xestión. Por iso e en coherencia coa lexislación, é polo que as deputacións aproban anualmente un Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal.

A Deputación de Ourense ten previsto para o ano en curso a colaboración cos concellos a través de varios instrumentos: Plan Provincial de Cooperación, dotado con 5.308.500 euros, o Plan da Rede Viaria, orzamentado con 2 millóns, o plan de emprego, con 910 mil euros, a razón de 10 mil euros por concello, cooperación vía convenio cos concellos (1,3 millóns de euros), plan termal con 1,2 millóns de euros e acción social (1,2 millóns de euros).

De todos eles, tan só o Plan provincial, o de emprego e o de acción social, son os únicos que se distribúen a todos os concellos, en función de criterios predeterminados de antemán, aínda que discutibles, ao facerse de xeito lineal, con independencia do tipo de concello e, das súas características. Esta achega, en relación cos 77 millóns de orzamento provincial, apenas supón un investimento de pouco máis do 6% do total. Trátase dunha partida cativa, que non permite abordar as moitas e cada vez máis crecentes necesidades que temos nos concellos.

Estes datos contrastan enormemente co esforzo que están a facer nas demais deputacións galegas nesta materia, que se moven por enriba do 25% do total do orzamento (ate o 43% no caso da Deputación da Coruña); agrupando todas as subvencións ós concellos nun plan único que permite, ademais de simplificar a burocracia e axilizar as achegas, repartir de xeito obxectivo, en función de criterios ponderados, o diñeiro público, reducindo drasticamente a discrecionalidade na asignación dos fondos públicos provinciais, afondando así nas políticas de equidade, obxectividade e transparencia nas accións de cooperación cos concellos.

Asemade, desde hai varios anos, feita a liquidación anual, a Deputación ven arroxando un superávit importante que se distribúe case exclusivamente, con criterios subxectivos e discrecionais, mecanismo que impide que moitos concellos poidan percibir achegas á marxe das establecidas nas subvencións arriba mencionadas. É preciso que nunha provincia que lidera os peores indicadores socio-económicos e poboacionais, con máis de 300 núcleos nos que non se conta nin con un só habitante, se creen as condicións para que as persoas poidan vivir nunhas condicións dignas, con servizos e infraestruturas do século XXI, e para iso cómpre que os concellos poidamos dispor de recursos, e dentro da nosa autonomía municipal, destinalos para aquilo que consideremos perentorio e necesario. Cómpre tamén que a Deputación cumpra co obxectivo fixado para colaboración cos concellos de menos de 20.000 habitantes que é o sentido da súa pervivencia como institución.

Do mesmo xeito é necesario demandar que o Partido Popular de Ourense sexa coherente co que aproban os seus alcaldes na FEGAMP e cos acordos que establece esta co goberno da Xunta, da mesma cor política. Así pois, é preciso que se implementen os criterios

obxectivos acordados por unanimidade na Federación Galega de Municipios e Provincias, onde a propia Deputación está representada, que son os de: superficie, poboación, entidades de poboación e índice de envellecemento e ofrecerlle ós nosos concellos equidade e transparencia a través dun plan único. As afinidades políticas non deben influír, nunca e en ningún caso, na dotación de recursos para os veciños e veciñas; estes deben poder escoller a quen queiran como alcalde con independencia de que vaian recibir máis ou menos recursos para financiar os servizos municipais.

Polo exposto, o Grupo Municipal Socialista presenta as seguintes PROPOSTAS DE ACORDO que agarda sexan aprobadas polo pleno desta Corporación:

- 1.- Instar á Deputación provincial de Ourense para que no vindeiro orzamento, e tendo en conta os criterios de reparto xa establecidos pola FEGAMP, se faga o reparto ós concellos da provincia a través dun plan único de investimentos que se sitúe na fronteira dun 1/3 do total do orzamento, como xa fan as restantes deputacións galegas.
- 2.- Esixir da Deputación que suplemente no actual exercicio orzamentario, as partidas destinadas a cooperación cos concellos (plan provincial, plan de emprego, etc) dotándoas dos recursos necesarios para modificar as actuais cantidades de reparto ata situalas nuns índices semellantes ó resto das deputacións galegas.
- 3.- Esixir de todas as administracións que os recursos públicos, os recursos de todas e todos, se repartan de xeito obxectivo e responsable na procura dunhas mellores condicións de vida para a nosa veciñanza.

Polo grupo municipal do Partido Popular, a súa portavoz, Luz Doporto Real, sinala que aínda que parece que do que se está a falar é de cómo se reparten os fondos, que é o que se ven a pedir a través do plan único: que todos os fondos que se reciben ditribuidos por programas que se reciban nun plan único e que os xestionen e destinen os concellos libremente en base ao principio de autonomía da que dispoñen; é unha diferenza de criterio, pero é innegable que a Deputación presta os seus servizos ós concellos e á vista están os resultados, afirma. As cousas seguramente se poden mellorar pero a realidade non se pode negar. Os concellos tamén poden facer uso das canles adecuadas para negociar co presidente da Deputación pero, insiste, parece que se está a forzar unha polémica artificial porque o que está claro é que os concellos xa reciben os fondos a través dos diversos programas: plans provinciais, servizos sociais, e outros, como xa se dixo, pero tamén para todos os proxectos que se presenten e que normalmente non se denegan, afirma. O propio concello de Allariz nos últimos anos ten ingresado máis de 400 mil euros da Deputación cos que se teñen realizado numerosas obras e se teñen prestado servizos. Quizá escoza que se pode xestionar doutra maneira, que se pode chegar á débeda 0, que os remanentes de tesourería son os que están posibilitando que a Deputación poda prestar servizos en todos os concellos (recollida de lixo, tratamento de augas ...), é o propio argumentario que aparece na exposición da moción, simplemente é unha diferenza de criterio en canto ao reparto e xestión dos fondos, que nun caso os concellos os xestionarían libremente e, noutro, é a Deputación quen os atribúe en base aos proxectos que se presenten. O grupo municipal do Partido Popular non vai votar a favor das mocións por todas estas razóns, conclúe.

Intervén finalmente o Alcalde para sinalar que a realidade é outra. Non se trata de recibir os mesmos fondos con distintos criterios, as cifras proban que a atribución dos fondos da Deputación de Ourense está moi lonxe das deputacións de Pontevedra ou A Coruña. É fácil ter débeda 0 se non cumples o obxectivo principal de destinar máis fondos ós concellos, porque os concellos teñen que pagar incluso os anuncios que hai que publicar no BOP, ou o 5% da recadación municipal quenes lla teñen encomendada. Por certo, fronte ó argumento de que as deputacións están para colaborar na prestación dos servizos cos concellos de menos de 20 mil habitantes, recorda o Alcalde que actualmente a Deputación está achegando moitos fondos para proxectos e programas concretos do Concello de Ourense que ten moita máis capacidade de xenerar recursos propios. Cando todos os alcaldes de O Barco, Ribadavia, Barbadás, Verín, Allariz, todas elas vilas grandes, salvo Celanova e Xinzo, teñen reclamado esta cuestión é que xa non é unha cuestión partidista. Trátase de que a Deputación destine para os concellos unha cantidade moito maior para cumprir precisamente coa súa propia finalidade de colaboración e cooperación que unifique nun único plan todos os fondos que agora están repartidos en múltiples programas pero ao mesmo tempo aumentando a cuantía total ata chegar a unhas cifras similares ás das outras deputacións. Se estiveran nas mesmas cifras pero distribuídos en miniprogramas entón o debate sería diferente pero as cifras son claras: 23 millóns de euros Deputación de Lugo (por certo a portavoz do PP na deputación defende esta mesma posición, o mesmo que nas deputacións de A Coruña e na de Pontevedra, desde a oposición, o cal non impediu que haxa unha proposta obxectiva, xenerosa, por parte dos gobernos provinciais para que os concellos daquelas provincias teñan a oportunidade de recibir estas cantidades importantes nun plan único. As cifras que reciben concellos de poboación similar ó concello de Allariz nas provincias de A Coruña, Lugo ou Pontevedra son moi chamativas como se expón na moción e cambia

substancialmente a realidade. Por moito que se sumen todos os importes que recibe Allariz polos distintos programas quedan moi lonxe das que reciben aqueles outros concellos. Dos 63 millóns de euros que recibe do Estado a Deputación de Ourense a atribución ós concellos é do 9,4%, segundo reconece o portavoz popular da Deputación, fronte a un 24% de Lugo, 27 Pontevedra e un 41 % A Coruña, a diferenza é substancial. Polo tanto non é gratuito dicir que nós estamos sufrindo, afirma, unha discriminación. Hai unha proposta que é sumamente beneficiosa para Allariz pero tamén para o conxunto dos concellos da provincia, non hai mais que ver a relación detallada do que suporía o reparto de fondos en base a este criterio dunha cantidade fixa (150.000 euros) e o resto en base a criterios de poboación, superficie, número de entidades e envellecemento, todos os concellos saen gañando ó tempo que poderían programar e facer as súas inversións. Congratúlase da coincidencia coa portavoz do grupo municipal socialista porque aínda que se poderían aprobar e mandar á Deputación as dúas mocións parece máis sensato enviar só unha delas incorporando na parte dispositiva da moción do BNG o punto nº 3 da presentada polo PsdeG-PSOE.

Acéptase por tanto a enmenda transaccional do PsdeG-PSOE.

Polo exposto,

O Pleno, pola maioría absoluta legal, cos votos favorables dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do BNG (7) e do PsdeG-PSOE (1), co voto en contra do grupo municipal do PP (2), acorda aprobar a moción de data 26/09/2017, presentada polo grupo municipal do BNG, co seguinte teor literal:

Plan ÚnicoOU

Antecedentes

Nos dous últimos anos o Grupo Provincial do BNG ven denunciando reiteradamente o reparto "clientelar" que se fai dos cartos da Deputación de Ourense.

Na aprobación dos orzamentos de 2016 e 2017 plantexamos emendas á totalidade solicitando que se creara un fondo dotado cos cartos procedentes de varias partidas de cooperación e outras que consideramos superfluas, co obxectivo de repartilo entre todos os concellos segundo criterios obxectivos.

Así mesmo, nas sucesivas e sistemáticas modificacións de crédito que se producen no transcurso do exercicio, que supoñen ata un 20% de incremento sobre o orzamento orixinal, vimos denunciando o reparto discrecional de fondos sen outro criterio que o cálculo político ou o interese persoal do propio presidente.

O plan provincial da Deputación de Ourense

A distribución territorial por concellos do investimento en obras municipais efectúase mediante a asignación a cada concello da provincia dunha cota alícuota de investimento subvencionado, resultando un investimento por termo municipal de 58.000,00€; da dita cantidade, 55.000,00€ destinaranse ó financiamento dos contratos de execución material das obras e 3.000,00€ ó financiamento dos contratos de servizos complementarios á execución das obras (con especial consideración das asistencias técnicas para a redacción de proxectos, a dirección facultativa e a coordinación de seguridade e saúde das actuacións).

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN E ESTRADAS 2017

	DEPUTACIÓN	CONCELLOS	TOTAL
1.- Obras municipais	4.645.999,99 €	1.409.947,72 €	6.055.947,71 €
2.- Réxime especial para concellos en situación de insuficiencia financeira	385.000,00 €		385.000,00 €

manifesta			
2.- Rede Viaria Deputación	2.000.000,00 €		2.000.000,00 €
TOTAL	7.030.999,99	1.409.947,72 €	8.440.947,71 €

PLAN COMPLEMENTARIO 2017

	DEPUTACIÓN	CONCELLOS	TOTAL
Obras municipais	4.261.000,00 €	666.632,40 €	4.927.632,40 €
Rede Viaria Deputación	7.064.300,00 €		7.064.300,00 €

Situación das outras deputacións

Nos últimos anos o resto de deputacións galegas veñen dando pasos para dotar de maior transparencia e obxectividade os cartos destinados á cooperación municipal.

Este esforzo rematou de concretarse no presente exercicio no cal as outras tres deputacións galegas puxeron en marcha plans de cooperación cos concellos dotados cun importante volume de fondos repartidos homoxeneamente segundo criterios que non dependen da cor política ou da afinidade do equipo de goberno.

A Coruña

- Plan POS+ 2017
- Dotación: 74M€ (41,92% / 176,51M€)
- Introduce importantes novidades en relación cos Plans dos anos anteriores, coa intención de acadar as seguintes finalidades:
 - o Reducir o número de Plans destinados a colaborar cos concellos, integrando no
 - o POS+ 2017, xunto co tradicional POS.
 - o Racionalizar e obxectivar a colaboración desta deputación cos concellos da
 - o provincia na realización de investimentos que ata agora estaba dispersa en
 - o distintas liñas de subvencións.
 - o Facer un Plan dinámico, que poida ver incrementada a súa dotación
 - o orzamentaria e se adapte ao longo do ano para absorber incrementos da
 - o achega
 - o provincial se os houbera.
 - o Dar resposta á situación e necesidades concretas de cada concello,
 - o reforzando
 - o a súa autonomía e responsabilidade mediante a ampliación e flexibilización
 - o do
 - o seu obxecto, que pasa a ser múltiple, facilitando tamén a planificación da
 - o actividade do concello.
 - o Contribuír de forma efectiva á redución do endebedamento que os concellos
 - o teñan cos seus provedores.

- o Contribuír de forma efectiva á redución do endebedamento dos concellos coas
- o entidades financeiras, mediante a concesión de préstamos sen xuros e cun
- o prazo de carencia de 2 anos.

Lugo

- Plan Único
- Dotación: 20M€ (24,87% / 80,43M€)
- Establécese un máximo de 500.000 euros e un mínimo de 150.000 euros por municipio para favorecer o rural nos 67 concellos da provincia.

Pontevedra

- Plan Concellos
- Dotación: 41M€ (27,04% / 152,38M€)
- Os concellos de menos de dez mil habitantes disporán de 18,2 millóns de euros; os comprendidos entre os dez mil e vinte mil habitantes contarán con 14,1 millóns; e aos de máis de vinte mil disporán de 8,9 millóns de euros.

Criterios para calcular a distribución dos fondos

Estes distribuiríanse en base a criterios totalmente obxectivos aprobados pola FEGAMP: superficie, poboación, entidades de poboación e o índice de envellecemento.

O peso relativo de cada un deles é o seguinte:

- Superficie: 20%
- Poboación: 40%
- Entidades de poboación: 25%
- Índice de envellecemento: 15%

Para realizar o cálculo do peso de cada un destes criterios por concello acudimos aos datos proporcionados polo Instituto Galego de Estatística (IGE). Exclúese á capital e ponderase cada unha das variabeis segundo o criterio anterior.

Obtense un coeficiente para cada un dos concellos da provincia que servirá para definir a súa participación nas cantidades totais a repartir.

Proposta BNG: Plan ÚnicoOU/30

Na liña do que vimos defendendo nos últimos anos o BNG propón un plan único de cooperación da Deputación de Ourense cos concellos da provincia cos seguintes obxectivo principais:

1. Dar cumprimento á verdadeira finalidade das deputacións, tal e como están concibidas na actualidade e mentres non desaparezan, de cooperación cos concellos.
2. Rematar coas prácticas clientelares no reparto dos recursos públicos que pasarían a distribuírse en base a criterios totalmente obxectivos beneficiando a todos por igual.
3. Garantir anualmente unha cantidade estábel e relevante de fondos aos concellos que poderían empregar en investimentos, emprego e benestar.

Garantiríase un investimento de 30 millóns de euros nos 91 concellos da provincia en claro beneficio dos máis de 200.000 ourensáns que residen nas vilas e no rural. Esta é unha cantidade realista e abordable xa que representa, aproximadamente, un terzo do orzamento final da Deputación nos últimos dous exercicios (92M€).

Para garantir un mínimo de recursos a todos os concellos fixaríase un financiamento BASE (150M€), idéntico para todos, e un financiamento COMPLEMENTARIO, variábel e calculado segundo os criterios obxectivos explicados no apartado anterior.

Poderíase fixar que cando menos unha porcentaxe deste orzamento se adicase a investimentos, emprego e benestar. Os Concellos terían total autonomía para decidir cales van a ser estes novos investimentos (obras ou subministros), tendo en conta os servizos mínimos e obrigatorios que deben prestar.

O conxunto das distintas programacións que ofrece actualmente a Deputación aos municipios pasarían a integrarse nun único plan, simplificando e axilizando todo o aparato burocrático actual adicado a tramitar e xestionar centos de pequenas subvencións.

Táboa de reparto por concello

Asignación: 30M€ (aprox. 1/3 orzamento FINAL -incl.EMC's- da Deputación 2016/2017)

Financiamento por concello:

- . Mínimo: 150 mil €
- . Máximo: 650 mil €

	Financiamento BASE	Financiamento COMPLEMENTARIO	FINANCIAMENTO TOTAL	TOTAL COOPERACIÓN CONCELLOS + REDE VIARIA [PROMEDIO 2016+2017]
32 Ourense	13.650.000,00	16.259.140,00	29.909.140,00	13.108.866,26
3201 Allariz-Maceda				
32001 Allariz	150.000,00	332.120,00	482.120,00	126.250,00
32007 Baños de Molgas	150.000,00	172.280,00	322.280,00	132.750,00
32043 Maceda	150.000,00	216.900,00	366.900,00	152.250,00
32055 Paderne de Allariz	150.000,00	135.280,00	285.280,00	98.554,00
32036 Xunqueira de Ambía	150.000,00	145.450,00	295.450,00	129.750,00
32037 Xunqueira de Espadañedo	150.000,00	75.940,00	225.940,00	132.638,50
3202 Baixa Limia				
32006 Bande	150.000,00	190.730,00	340.730,00	359.521,07
32030 Entrimo	150.000,00	122.270,00	272.270,00	66.750,00
32041 Lobeira	150.000,00	146.040,00	296.040,00	194.958,50
32042 Lobios	150.000,00	212.240,00	362.240,00	173.683,59
32051 Muíños	150.000,00	171.950,00	321.950,00	249.183,19
3203 O Carballiño				
32011 Beariz	150.000,00	114.780,00	264.780,00	148.099,34
2013 Boborás	150.000,00	228.080,00	378.080,00	146.625,00
32019 Carballiño, O	150.000,00	500.000,00	650.000,00	208.100,00
32035 Irixo, O	150.000,00	264.210,00	414.210,00	71.000,00
32045 Maside	150.000,00	197.830,00	347.830,00	87.150,00
32061 Piñor	150.000,00	155.610,00	305.610,00	80.750,00
32065 Punxín	150.000,00	91.610,00	241.610,00	94.003,28
32074 San Amaro	150.000,00	156.060,00	306.060,00	66.750,00
32076 San Cristovo de Cea	150.000,00	238.680,00	388.680,00	128.000,00
3204 A Limia				
32005 Baltar	150.000,00	124.990,00	274.990,00	301.850,00
32012 Blancos, Os	150.000,00	100.150,00	250.150,00	135.100,00
32016 Calvos de Randín	150.000,00	133.480,00	283.480,00	166.279,94
32062 Porqueira	150.000,00	117.940,00	267.940,00	177.250,00
32067 Rairiz de Veiga	150.000,00	156.240,00	306.240,00	117.350,00
32077 Sandiás	150.000,00	106.890,00	256.890,00	84.897,00
32078 Sarreaus	150.000,00	142.550,00	292.550,00	122.750,00
32082 Trasmiras	150.000,00	120.120,00	270.120,00	146.000,00
32089 Vilar de Barrio	150.000,00	144.940,00	294.940,00	70.735,57
32090 Vilar de Santos	150.000,00	73.260,00	223.260,00	123.750,00
32032 Xinzo de Limia	150.000,00	419.570,00	569.570,00	248.386,90
3205 Ourense				
32002 Amoeiro	150.000,00	146.820,00	296.820,00	141.701,34
32008 Barbadás	150.000,00	378.950,00	528.950,00	72.750,00

32026 Coles	150.000,00	220.580,00	370.580,00	110.067,45
32031 Esgos	150.000,00	119.990,00	269.990,00	183.187,65
32052 Nogueira de Ramuín	150.000,00	216.010,00	366.010,00	185.763,08
32054 Ourense				
32058 Pereiro de Aguiar	150.000,00	306.120,00	456.120,00	254.068,69
32059 Peroxa, A	150.000,00	270.190,00	420.190,00	69.750,00
32075 San Cibrao das Vinas	150.000,00	231.420,00	381.420,00	172.250,00
32079 Taboadela	150.000,00	121.410,00	271.410,00	74.250,00
32081 Toén	150.000,00	147.290,00	297.290,00	215.750,00
32087 Vilamarín	150.000,00	190.880,00	340.880,00	66.750,00
3206 O Ribeiro				
32003 Arnoia, A	150.000,00	81.330,00	231.330,00	146.355,57
32004 Avión	150.000,00	212.260,00	362.260,00	275.262,06
32010 Beade	150.000,00	37.340,00	187.340,00	98.970,60
32018 Carballeda de Avia	150.000,00	110.830,00	260.830,00	101.750,00
32022 Castrelo de Miño	150.000,00	153.480,00	303.480,00	146.750,00
32025 Cenlle	150.000,00	112.010,00	262.010,00	82.578,48
32027 Cortegada	150.000,00	117.830,00	267.830,00	167.750,00
32040 Leiro	150.000,00	134.470,00	284.470,00	136.750,00
32046 Melón	150.000,00	128.760,00	278.760,00	157.562,52
32069 Ribadavia	150.000,00	197.690,00	347.690,00	113.250,00
3207 Terra de Caldelas				
32023 Castro Caldelas	150.000,00	216.770,00	366.770,00	91.750,00
32049 Montederramo	150.000,00	233.310,00	383.310,00	121.750,00
32057 Parada de Sil	150.000,00	158.010,00	308.010,00	183.250,00
32080 Teixeira, A	150.000,00	85.740,00	235.740,00	102.549,20
3208 Terra de Celanova				
32014 Bola, A	150.000,00	167.800,00	317.800,00	161.750,00
32020 Cartelle	150.000,00	218.850,00	368.850,00	170.250,00
32024 Celanova	150.000,00	369.710,00	519.710,00	154.881,87
32033 Gomesende	150.000,00	160.350,00	310.350,00	125.250,00
32047 Merca, A	150.000,00	160.050,00	310.050,00	104.620,04
32056 Padrenda	150.000,00	147.980,00	297.980,00	271.735,92
32064 Pontedeiva	150.000,00	49.490,00	199.490,00	155.140,00
32066 Quintela de Leirado	150.000,00	100.770,00	250.770,00	236.856,66
32068 Ramirás	150.000,00	199.920,00	349.920,00	126.750,00
32084 Verea	150.000,00	171.230,00	321.230,00	98.205,63
3209 Terra de Trives				
32029 Chandrexa de Queixa	150.000,00	167.780,00	317.780,00	139.710,25
32044 Manzaneda	150.000,00	149.060,00	299.060,00	111.749,50
32063 Pobra de Trives, A	150.000,00	146.610,00	296.610,00	126.800,00
32070 San Xoán de Río	150.000,00	156.570,00	306.570,00	95.000,00
3210 Valdeorras				
32009 Barco de Valdeorras, O	150.000,00	500.000,00	650.000,00	146.800,00
32015 Bolo, O	150.000,00	138.350,00	288.350,00	125.250,00
32017 Carballeda de Valdeorras	150.000,00	194.390,00	344.390,00	98.750,00
32038 Larouco	150.000,00	74.620,00	224.620,00	113.775,64
32060 Petín	150.000,00	72.680,00	222.680,00	166.300,00
32072 Rúa, A	150.000,00	173.730,00	323.730,00	101.750,00
32073 Rubiá	150.000,00	132.320,00	282.320,00	89.725,00
32083 Veiga, A	150.000,00	228.220,00	378.220,00	269.043,67
32088 Vilamartín de Valdeorras	150.000,00	132.900,00	282.900,00	145.636,92
3211 Verín				
32021 Castrelo do Val	150.000,00	131.580,00	281.580,00	138.980,00
32028 Cualedro	150.000,00	166.420,00	316.420,00	172.100,00
32039 Laza	150.000,00	198.950,00	348.950,00	222.250,00
32050 Monterrei	150.000,00	185.460,00	335.460,00	151.850,00
32053 Oímbra	150.000,00	122.650,00	272.650,00	264.947,64
32071 Riós	150.000,00	176.980,00	326.980,00	227.074,32
32085 Verín	150.000,00	500.000,00	650.000,00	66.750,00
32091 Vilardevós	150.000,00	206.660,00	356.660,00	97.308,07
3212 Viana				
32034 Gudiña, A	150.000,00	160.940,00	310.940,00	161.642,16
32048 Mezquita, A	150.000,00	118.860,00	268.860,00	96.800,50
32086 Viana do Bolo	150.000,00	294.180,00	444.180,00	93.000,00
32092 Vilariño de Conso	150.000,00	145.400,00	295.400,00	66.750,00

Financiamento BASE: 150M€ garantidos a cada concello con independencia de calquera outra variábel.

Financiamento COMPLEMENTARIO: fondos adicionais en función dos criterios establecidos pola FEGAMP (superficie, poboación, entidades de poboación e o índice de envellecemento).

Financiamento TOTAL: cantidade a percibir por cada concello suma das dúas anteriores.

TOTAL COOPERACIÓN CONCELLOS + REDE VIARIA [PROMEDIO 2016+2017]: Media dos fondos recibidos por cada concello en concepto de cooperación e rede viaria da deputación nos últimos dous exercicios.

Comparativa de concellos equivalentes das catro provincias

Na seguinte comparativa de concellos equivalentes en canto ao número de habitantes das catro provincias reflíctese a situación de discriminación que na actualidade sofren os concellos da nosa provincia a respecto do resto.

		POBOACIÓN	Nº DE PARROQUIAS	CANTIDADE PROPOSTA ACTUAL	BNG
Ortigueira	CO	6.064	22	1.244.388	
Valga	PO	6.059	5	500.000	
Guitiriz	LU	5.603	18	327.223	
Allariz	OU	6.056	16	68.000	482.120
Corcubión	CO	1.654	2	221.000	
Fornelos de Montes	PO	1.864	7	379.115	
Meira	LU	1.769	2	211.000	
Baños de Molgas	OU	1.727	13	128.000	322.280
As Pontes	CO	11.384	13	1.552.433	
Vilanova de Arousa	PO	10.638	6	739.110	
Ribadeo	LU	10.010	12	396.600	
Barbadás	OU	10.228	6	68.000	528.950
Mondariz	PO	4.800	12	502.740	
Cabana de Bergantiños	CO	4.716	10	710.942	
Cervo	LU	4.430	6	271.000	
A Rúa	OU	4.685	4	78.000	323.730
Dumbría	CO	3.216	7	725.382	
Taboada	LU	3.173	28	301.000	
Pontecesures	PO	3.040		349.405	
Viana do Bolo	OU	2.982	35	68.000	444.180
Sada	CO	15.150	8	832.300	
Vilalba	LU	14.487	29	500.000	
Gondomar	PO	14.192	10	940.746	
Verín	OU	14.031	15	68.000	650.000
Portomarín	LU	1.528	21	247.000	
Corcubión	CO	1.606	2	220.713	
Castrelo de Miño	OU	1.490	7	168.000	303.480
As Somozas	CO	1.249	4	492.167	
Dozón	PO	1.241	8	355.747	
Folgozo do Courel	LU	1.136	9	259.316	
A Mezquita	OU	1.169	9	68.000	268.860

En base a todo o exposto solicitamos do Pleno da Corporación municipal a aprobación do seguinte

ACORDO:

1. Que a Deputación Provincial de Ourense priorice a atención aos concello de menos de 20.000 habitantes establecendo un PLAN ÚNICO de Investimentos e Servizos similar ao elaborado nesta moción en base aos criterios establecidos pola Fegamp como xa están facendo as outras

deputacións galegas eliminando deste xeito a grave discriminación que sufrimos os concellos de Ourense, simplificando a tramitación burocrática e permitindo que os concellos de Ourense podan planificar a súa programación anual cos fondos que deben recibir da Deputación Provincial para o financiamento de obras e servizos municipais.

2. Que a Deputación suplemente no actual exercicio orzamentario, as partidas destinadas a cooperación cos concellos (plan provincial, plan de emprego, etc...) dotándoas dos recursos necesarios para modificar as actuais cantidades de reparto ata situalas nuns índices semellantes ao resto das deputacións do País.

3. Esixir de todas as administracións que os recursos públicos, os recursos de todas e todos, se repartan de xeito obxectivo e responsable na procura dunhas mellores condicións de vida para a nosa veciñanza. (*)

(*) Apartado proposto polo grupo municipal do PSdeG-PSOE mediante enmenda transaccional aceptada polo grupo municipal do BNG, proponente da moción.

6.- Moción do BNG solicitando o mantemento do servizo de albergue do Camiño de Santiago no Convento de Santa Clara.

Da conta a portavoz do BNG e concelleira de promoción económica, Cristina Cid Fernández, do texto da moción que figura transcrito literalmente na parte dispositiva do presente acordo.

Polo grupo popular, a súa portavoz, Luz Doporto Real, sinala que esta moción supón unha intervención inadmisíbel nun ámbito privado. Aclara que nunca se dispuxo de fondos de ningún tipo para adecuar as instalacións. No ano 2010 a comunidade do Convento de Santa Clara firmou un convenio do Xacobeo co único obxectivo de estar incluído nas guías de publicidade do tramo alaricano do Camiño de Santiago para dar a coñecer o ramal alaricano que ó concello nunca lle interesou; alégrase que agora se den conta do potencial turístico que ten para Allariz e sería hora de empezar a plantexarse a instalación dun albergue ou buscar fórmulas para habilitalo. Reitera que ésta é unha instalación privada e non se pode ser tan intervencionista cos asuntos privados, sinala, e tampouco se pode deixar entrever cousas relacionadas con fondos porque nunca os houbo. Ó fio desta cuestión, a portavoz pide ver os convenios con Turgalicia porque as casas do Briñal, cuxo acceso está completamente intransitable polo estado de abandono, o cal é un ben patrimonial que nos interesa a todos, quere saber por qué levan anos abandonadas, qué se fixo cos fondos, cómo foron os convenios, qué pasou co mobiliario. Admite que estas afirmacións, seguramente son unha insensatez, pero está claro que están abandonadas e nunha situación pésima tanto o acceso como as casas. En relación co asunto da moción, o concello pode ter acceso ao convenio, pode porse en contacto coas persoas que se encargaban do albergue que pechou por unha razón moi sinxela: a Asociación Alaricana de Amigos do Camiño de Santiago non tiña ningunha contraprestación nin ningún outro interés mais que unha axuda altruista para propiciar e seguir potenciando o Camiño no seu tramo alaricano, algo polo que o concello nunca se preocupou, nin nas páxinas web nin en ningún outro medio de información. Desde o ano 2010, unha soa persoa adicouse dun modo altruista todos os días, sen descanso, para recibir ós peregrinos; aclara que as instalacións rehabilitáronse para ser Casa de Espiritualidade que nada teñen que ver co Xacobeo, simplemente estaba cedido para os peregrinos, de forma altruista. Únicamente se cobraban 6 euros, como en todos os albergues para mantemento. Nin xiquera as camas e o seu material estaban sufragadas por ninguén, nunca se recibiu subvención algunha nin da Xunta, nin do Xacobeo nin de ninguén. Admite que seguramente se pudo potenciar doutra maneira pero as formas tiñan que ser mediante diálogo, e agora o que procedía era un agradecemento pola labor feita durante estes anos porque potenciou o coñecemento de Allariz; o que non procede é salpicar sospeitas. Reitera a petición de todos os convenios que se firmaron con Turgalicia e todo o referente ás casas do Briñal, por qué están nas condicións de abandono desde hai mais de catro anos.

Polo grupo municipal socialista do PsdeG-PSOE, a súa portavoz, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba sinala que vai votar favorablemente porque un concello como o de Allariz, cheo de historia e natureza non pode ter unha infraestrutura destas características pechada.

Intervén a continuación o Alcalde para indicar que hai que ser ponderados nas intervencións para non establecer situacións que non se corresponden. É evidente que o albergue figura en moita documentación do Camiño de Santiago, ten motivado múltiples queixas dos usuarios, chegaron ás instalacións e as atoparon pechadas e tamén é certo que no Convento de Santa Clara se levan invertido inxentes cantidades de fondos públicos e parece lóxico demandarlles un retorno dese patrimonio para a comunidade na que está asentada, e a incidencia dos peregrinos

en Allariz non é a mesma que podan ter noutros concellos como Xunqueira ou Sandiás, eiquí dilúense entre os demais visitantes polos múltiples atractivos que ten Allariz, pero tampouco é certa a afirmación de que o concello non ten feito ningún esforzo por impulsar o Camiño de Santiago, porque para o concello é importante, por eso non é casual o esforzo feito na rehabilitación de San Salvador dos Penedos ou Santa Mariña de Augas Santas, tamén as excavacións de Armea, actuacións tamén que se están levando a cabo de mantemento de camiños e tamén acolléndonos a subvencións para actuacións singulares. Niste caso, o que se demanda é que hai unha infraestrutura en marcha, indícasenos que os fondos que financiaron o acordo a tres bandas pídesse polo tanto que este servizo se manteña en Allariz porque entende que é importante e tamén pode ser unha das funcións que pode desempeñar o Convento de Santa Clara por Allariz e polo propio Camiño de Santiago utilizando os instrumentos que se consideren e que o Xacobeo pode por a disposición, e tamén que se nos indique por qué despois de estar aberto durante un tempo agora de pronto está pechado, é así de sinxelo, afirma, porque esta circunstancia ten tido unha incidencia moi negativa na imaxe de Allariz, porque quenos chegan ata as instalacións do Convento e atopan o albergue pechado acaban acudindo ó concello para deixar constancia da súa protesta. Por outra banda, non hai dificultade en facilitar información sobre as casas do Briñal, o papel que tiveron e a finalidade que teñen hoxe e a que poden ter, por qué se diron de baixa en Turgalicia e están a espera de que o concello poda encontrar outra finalidade para as mesmas; mesmo convida á portavoz para facer unha visita ás casas de turismo rural. Se isto é así tampouco a portavoz ten que sentirse molesta polo sentido da moción sobre o albergue de Santa Clara, porque se estaba prestando un servizo público e porque foron moitos os visitantes que pediron que se aclarara cál é a situación, por eso o que se pide á Xunta é que se nos informe, porque se houbera unha nota informativa da Asociación de Amigos do Camiño de Santiago que dixera algo ao mellor dende o concello xa se daba por informado pero non houbo ningunha comunicación ó respecto, simplemente da noite para a mañá deixou de existir un letreiro que puña albergue e apareceu outro que pon Casa de Espiritualidade e polo tanto o texto da moción é absolutamente respetuoso, conclúe.

Polo grupo municipal do Partido Popular a súa portavoz replica pedindo que non se fagan afirmacións que ela non fixo. Afirma que ela mesma pode deixar a súa casa para que descansen os peregrinos, tamén pode pechala e ninguén lle ten que reclamar nada. Eso é exactamente o mesmo que pasa no Convento, pero niste caso hai un intervencionismo porque se trata do Convento, por eso se fai. Nunca houbo fondos de ningún tipo para ese albergue, reitera, e o convenio que houbo podese pedir ó Convento ou á Asociación que o firmou. Pudo haber un contacto desde o concello para saber qué pasou, e o que pasou foi que durante dez anos unha persoa de forma altruista estivo facendo de hospitaleiro, o cal é bastante inaudito, sinala, porque ninguén traballa a cambio de nada. Estamos falando dunha casa privada, non pública, e o convenio o único que dicía era que durante o ano Xacobeo do 2010 se incluíría o albergue en todas as guías de publicidade e promoción do Camiño, nada mais, sen contraprestación económica algunha nin fondos de ningún tipo; todo se facía ó carón do esforzo da comunidade do Mosteiro que facían a limpeza e a adecuación das instalacións do albergue que, polas notas do libro de visitas, se catalogaba polos propios peregrinos como un dos mellores, e todo se facía de maneira altruista. Reitera que o que procede é contactar coa Asociación, solicítese a información que se desexe pero non se tersiverxe a realidade, e non se interveña no que é privado, porque así como calquer establecemento de hostelería ou restauración pecha e non ten que comunicar nada, tampouco niste caso. Hai obriga de conceder unha licenzia de apertura pero o peche é unha decisión libre. Niste caso houbo que pechar porque non había unha persoa que podese seguir prestando esas funcións de hospitaleiro, durante as 24 horas do día todos os días da semana sen cobrar nada, eso é moi difícil de conseguir. Ao mellor o concello pode firmar un convenio con esta asociación ou co Convento aportando os fondos para pagar a unha persoa que cobre e faga de hospitaleiro, é unha opción, pero non se pode obligar a facer algo que non está disposto; outra cousa que se pode trasladar á asociación ou ó Convento para que se poñan en contacto co Xacobeo para que eliminen a información do albergue de todas as guías porque xa non existe, e que o concello cree un albergue municipal para atender ós peregrinos.

Conclúe finalmente o Alcalde sinalando que o que hai que empezar a comprender é que o Convento de Santa Clara é algo moi diferente do que pode ser unha casa particular, ten un carácter monumental reconecido; o concello ten colaborado coa Asociación de Amigos do Camiño de Santiago, p. ex. para a sinalética que se puxo en marcha, púxéronse os servizos técnicos municipais a disposición, fíxose un esforzo inversor no que o concello tamén contribuíu noutros ámbitos e polo tanto con toda a lóxica se ese servizo se deixa de prestar non é como si se pecha un bar, non é o mesmo, trátase de que se aclare este aspecto. Desde logo os peregrinos van seguir pasando por Allariz porque ten unha capacidade de atracción relevante para que moitos camiñantes sigan pasando por eiquí pero eso non quere dicir que o concello teña que destinar recursos municipais para este tipo de instalacións cando xa hai recursos públicos específicos para esta finalidade. Por todo elo, reitera que o BNG vai votar favorablemente a moción nos termos expostos.

Polo exposto,

O Pleno, pola maioría absoluta legal, cos votos favorables dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do BNG (7) e do PsdeG-PSOE (1), co voto en contra do grupo municipal do PP (2), acorda aprobar a moción de data 25/09/2017, presentada polo grupo municipal do BNG, co seguinte teor literal:

“O grupo municipal do BNG, de Allariz ten recibido ao longo deste verán numerosas queixas de caminantes que utilizaban o albergue ubicado no convento de Santa Clara e que se atoparon coas súas instalacións pechadas. Tendo en conta que esta foi unha iniciativa financiada no seu día con fondos públicos segundo informaba o diario La Región, a orde das Clarisas e a Asociación Alaricana de Amigos do Camiño de Santiago asinaban un convenio de colaboración coa Sociedade de Xestión do Plan Xacobelo, chama a atención que non está a cumprir a finalidade prevista da mesma contribuíndo deste xeito a facilitar a realización do Camiño de Santiago no noso Concello, no que o mesmo discorre polas paraxes tan sinaladas como San Salvador, Santa Mariña ou a propia vila de Allariz.

A información existente nas páxinas web do Camiño de Santiago e mesmo en publicacións ou folletos seguen mantendo o albergue do Real Mosteiro de Santa Clara de Allariz como unha infraestrutura ao servizo de caminantes e despois se atopan coa sorpresa de que está pechado figurando na entrada a indicación da Casa de Espiritualidad.

Por todo o exposto solicitamos da corporación municipal a adopción do seguinte acordo

O Pleno do Concello de Allariz solicita da Xunta de Galicia a información relativa á posta en marcha no seu día do albergue do Camiño de Santiago no convento de Santa Clara e demanda a adopción das medidas necesarias para a súa apertura e continuidade na prestación do referido servizo.”

8. Moción do PP sobre a ocupación ilegal de inmobles.

Polo grupo municipal do Partido Popular, o seu concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, da conta da seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos tempos asistimos a un incremento de problemas relacionados coa usurpación de vivendas. Esta actividade delictiva non só a sofren as persoas que se ven privadas ilegalmente do disfrute da súa propiedade privada, senón tamén os restantes veciños que residen nos inmobles onde se producen estas ocupacións ilegais de vivendas.

Actualmente, estes feitos delictivos provocan que o propietario do inmovible ocupado teña que iniciar un longo e penoso procedemento xudicial para recuperar a posesión da vivenda e o desaloxo dos ocupantes; o que xera na cidadanía unha sensación de impotencia ante estas condutas cando quedan impunes.

É evidente que o noso ordenamento xurídico precisa unha adaptación que habilite ás Forzas e Corpos de Seguridade e aos Tribunais de Xustiza a adopción de medidas áxiles e eficaces para facer fronte á problemática da ocupación ilegal de vivendas nas súas diferentes formas e modalidades, que afecta hoxe en día a un sector crecente da sociedade, que crea evidentes prexuízos e limita e vulnera o pleno exercicio dos seus lexítimos dereitos.

Aínda que a Fiscalía ten manifestado que é posible a adopción de medidas cautelares ao amparo do artigo 13, 544 bis e ter da Lecrim que restitúan o inmovible ao seu lexítimo titular, o certo é que nos Xulgados obsérvase unha diversidade de criterios á hora de adoptar estas medidas cautelares, polo que debe valorarse a posibilidade de promover unha reforma legislativa que permita de forma expresa a adopción desta medida cautelar restituíndo o inmovible ao seu lexítimo titular, utilizando procedementos como os dos xuízos rápidos.

Nesa mesma liña, o Defensor del Pueblo nunha recente Recomendación, do 20-04-2017 diríxese ao Ministerio de Justicia para *“prever los cauces adecuados para la adopción de medidas de carácter cautelar que sustituyan al titular del inmueble la posesión y disfrute urgente del mismo, mediante la tramitación de un procedimiento judicial rápido”*

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular no concello Allariz eleva ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1. *O pleno do Concello de Allariz manifesta o seu rexentamento e condena as ocupacións ilegais de inmobles e insta á policía local a colaborar coas autoridades xudiciais no seu desaloxo en defensa do dereito constitucional á propiedade privada.*

2. *O pleno do Concello de Allariz insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que inicie os trámites que permitan mellorar o marco normativo que regula o delito de usurpación de inmobles. Sinaladamente:*

a) A modificación do artigo 245 do Código penal co fin de reorientar e adaptar o tipo penal de usurpación á situación actual.

b) A potenciación legislativa dos xa existentes procedementos por xuízo rápido como procedementos modelo para os delitos de ocupación de inmobles dentro da regulación do artigo 795 da Lei de axuízamento criminal.

c) As modificacións legislativas necesarias para posibilitar a adopción de medidas cautelares tendentes ao desaloxo de inmobles desde o comezo da instrución sumarial.

3. *O pleno do Concello de Allariz insta á Xunta de Galicia á elaboración dun protocolo entre a Delegación do Goberno en Galicia e a Fiscalía Superior a fin de que, no marco do xa vixente artigo 795 da Lei de axuízamento criminal, promova que os delitos relacionados coa ocupación de inmobles sexan obxecto de xuízos rápidos.*

4. *O pleno do Concello de Allariz insta ao goberno municipal a arbitrar, naqueles casos en que os ocupantes sexan familias en risco de exclusión social, as medidas necesarias para o seu realoxo a través dos distintos programas postos en marcha pola Xunta de Galicia.*

Intervén a continuación o Alcalde para sinalar que o BNG, a pesares de ter feito unha lectura sosegada da moción para ver se merecía o seu apoio non vai recibir un voto favorable e non porque se teña ningunha connivencia con ocupacións ilegais senón porque lles parece que non atina na solución e noutro caso porque xa hai medidas que están en marcha e mesmo algunhas porque xa son obvias que non fai falta que sexan apoiadas porque a Policía Local se é requerida no ámbito xudicial xa colabora, é algo que ten que facer dentro do seu ámbito de competencias. Tampouco vale importar problemáticas que, afortunadamente, no noso entorno non se producen; eiquí a casuística coñecida é de indole civil. Pero discrepa sobre todo nunha cuestión: en todos casos graves que hai unha ocupación destas características non é certo que non haxa procedementos xudiciais áxiles, hainos, o problema é que a falta de medios na propia xustiza fai que este tipo de asuntos se demoren indebidamente, pero, así como noutros casos en materia civil é aceptable que deriman coas debidas garantías procesais, nos outros casos, como tamén sinala o concelleiro na moción, poden pedirse medidas cautelares, pero aínda que así non fora, son accións inmediatas; non convén crear alarmas innecesarias porque se un chega á súa casa e a atopa ocupada é a propia Policía Local quen se encarga do desaloxo, non fai falta orde xudicial. Nunha casa valeira, abandonada, se se entrou icorrendo en algún tipo delictivo a actuación é inmediata. Por outra banda, xa é coñecido que o Partido Popular e Ciudadanos xa presentaron unha proposición de lei no Congreso dos Deputados, polo tanto xa non é necesario nin que a Xunta de Galicia inste nada. Por todas estas razóns, de oportunidade, e porque estas cousas teñen que ver co funcionamento da propia xustiza, cos medios xudiciais, mais que cos procedementos, o BNG non vai apoiar a moción, sen esquecer que, en relación coa vivenda ésta é unha parte do problema porque hai outra problemática maior que ten que ver cos desahucios, con impagos das cuotas comunitarias polos propios bancos porque esperan a que sexan vendidas as propiedades, que xeneran grandes problemas ás comunidades de propietarios, e por outra parte, cree que sería suficiente cos procedementos actuais mediante medidas cautelares dentro dos propios procedementos xa serían suficientes para atallar esta problemática.

Por parte do grupo municipal socialista do PsdeG-PSOE, a súa portavoz, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, sinala que o Partido Popular parece que sempre ten o mesmo enfoque para resolver os problemas: lei, orde, forza pública e fiscalía. Evidentemente, estes casi nuncha son os medios adecuados para resolver determinados problemas sociais. O dereito da propiedade privada que o Partido Popular tanto defende ven consagrado na Constitución no artigo 33.1, pero hai que lembrar que no mesmo artigo, no seu apartado 2 tamén se establece con meridiana claridade que "a función social destes dereitos delimitará o seu contido de acordo coas leis"; o Partido Popular parece que se esquece da función social. Do que se trata é de compaxinar o lexítimo dereito dos propietarios co de quenes non poden acceder a unha vivenda digna que cubra as necesidades básicas do ser humano, de xeito que a súa vulneración pon en perigo outros dereitos protexitos, como a integridade física, a vida privada e familiar e a inviolabilidade

do domicilio. O problema está nunha crise económica salvaxe salpicada dunha burbulla inmobiliaria que o Partido Popular alentaron e se lucraron dela e que non son capaces de solucionar agora. Estamos a padecer en moitos casos unha profunda crise humanitaria en pleno século XXI. Por todo elo, o Partido Socialista votará en contra da moción.

No turno de réplica, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular lamenta que desde a alcaldía non se faga un esforzo por chegar a un acordo, mesmo presentando algunha enmenda transaccional, porque as medidas que se propoñen son razoables; o problema que ten o Sr. Alcalde é que é unha proposta do Partido Popular de Allariz. En canto ao Partido Socialista recórdalle que os acordos 2 e 4 foron aprobados no Parlamento de Galicia polo Partido Popular e polo Partido Socialista, logo os argumentos que acaba de dar a portavoz do grupo municipal socialista que os aplique así mesma.

Intervén finalmente o Alcalde para indicar que o BNG ten aprobado múltiples declaracións institucionais coa Xunta, tamén mocións do Partido Popular; agora ben, na preocupación do Alcalde -sinala- non está hoxe o fenómeno da ocupación de vivendas en Allariz. Gustaríalle saber se o concelleiro ten coñecemento dalgún caso, e polo tanto non se pode facer alarma social sobre un fenómeno que nos é alleo. En segundo lugar, engade, non se pode confundir como se hoxe en día foran insuficientes as medidas contempladas no Código Penal por estas conductas violentas, delictivas; tampouco se pode confundir que os procesos son moi alongados no tempo. En moitos casos alórganse por falta de recursos xudiciais. Ao mellor estaría de acordo nunha moción contra os recortes no ámbito xudicial que afectan a moitas destas problemáticas, pero haberá que ser racionais no enfoque desta cuestión, de maneira que, con independencia da oportunidade da moción, hai que ver se as vías que se propoñen son acadas porque, reitera, agora mesmo xa está en marcha unha proposición de lei para habilitar instrumentos legais que conta co acordo de Ciudadanos, polo tanto non hai nada que instarlle á Xunta cando xa está en marcha a proposta no Congreso dos Deputados. Se houbera algún caso, os veciños contarán co apoio do grupo municipal de goberno e co seu aval para impulsar medidas que lles garanticen a defensa da súa propiedade. Reitera que o voto en contra non é porque a moción a presente o Partido Popular, haberá outras moitas cousas nas que poden coincidir pero non nesta polas razóns que xa quedaron expostas.

Seguidamente sométese o asunto a votación, co seguinte resultado:

Votación	Nº de votos	Grupo político
SI	3	PP
NON	10	BNG (9) PSdeG-PSOE (1)

Non se aproba a moción presentada.

Cuestión de orden.-

Antes de entrar no turno de rogos e preguntas, a portavoz do grupo municipal socialista, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba explicou que, como queira que tiña presentada en prazo unha moción contra a violencia de xénero que, finalmente non se incluír na orde do día da sesión, solicita a súa inclusión por trámite de urxencia en base ao disposto no artigo 91 do Regulamento de Organización e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF). A admisión a trámite polo procedemento de urxencia está motivada pola sinatura nistes últimos días do pacto nacional contra a violencia de xénero.

Preguntado o Sr. Secretario pola posibilidade da presentación dunha moción por trámite de urxencia explica que, efectivamente, o artigo 91.4 do ROF contempla a posibilidade de que, nas sesións ordinarias, unha vez concluído o examen dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar ó turno de rogos e preguntas, se admita a presentación dalgún asunto por razóns de urxencia; xustificada ésta polo portavoz do grupo proponente o Pleno votará sobre a procedencia do seu debate; se o resultado é positivo sométese a moción a debate e votación como calquer outro asunto. Agora ben, como se insiste pola concelleira que a moción foi presentada en tempo e forma antes das 48 horas que hai para convocar a sesión plenaria, explica que a convocatoria do pleno foi remitida aos concelleiros por vía electrónica ás 15.30 horas mentras a moción tivo entrada ás 15.52 dándose rexistro de entrada en horario de oficina no día seguinte.

O Alcalde explica que, se ben procedimentalmente sería factible a presentación por trámite de urxencia para os grupos está a dificultade de non coñecer o texto da mesma e polo tanto no poder xiquera presentar enmendas ou poder estudiala. Tendo en conta que hai unha sesión plenaria o 27 de outubro e outra o 24 de novembro e que a problemática que se vai abordar ten que ver coa campaña e coas propostas contra a violencia de xénero, apelando á boa fe de todos posto que a moción foi posterior á convocatoria do pleno que aínda quedan as sesións plenarias de outubro e novembro o Alcalde pide á concelleira que, en vez de forzar a vía de urxencia, que tería que someterse a por votación, considere a posibilidade de deixala para o próximo pleno; non obstante como portavoz ten o dereito de defender a xustificación da urxencia e o pleno de decidir a admisión por ou non en votación ordinaria.

Aclarada a cuestión no sentido de que o artigo 91.4 do ROF permite que calquer grupo presente por trámite de urxencia calquer asunto non incluído na orde do día que será aceptado ou non polo pleno en votación ordinaria e aclarada tamén a hora exacta en que foi presentada a moción no enderezo electrónico do Secretario e tendo en conta que é factible incluíla na vindeira sesión ordinaria do mes de outubro a portavoz socialista acepta retirar a petición da presentación por trámite de urxencia.

9.- Rogos e Preguntas.

Polo grupo municipal socialista do PsdeG-PSOE, a súa portavoz, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, formulou por escrito as seguintes:

9.1. En relación coa Resolución do 18 de xullo de 2017, da Secretaría de Estado de Medio Ambiente, pola que se formula declaración de impacto ambiental favorable a realización do proxecto denominado Modificación de características da concesión para o aproveitamento de augas do río Arnoia, central hidroeléctrica de O Rexo, interesa coñecer o seguinte e por elo se formulan as seguintes,

PREGUNTAS:

- Qué tipo de participación, que número de accións e canto é o seu importe, ten o Concello de Allariz na empresa **Allarluz**, S.A?
- Cales son as características deste proxecto de concesión de aproveitamento de auga do río Arnoia no Rexo?
- Cales son as circunstancias que concorreron no feito de que iniciada a solicitude de ampliación de caudal no ano 1999, esta se teña rematado no ano 2017?
- Quen ostenta a titularidade das edificacións que van ser utilizadas neste proxecto de central hidroeléctrica no Rexo?
- Cal é a repercusión que esta actuación vai ter nos intereses xerais dos veciños/as alaricanos?
- Esta iniciativa empresarial, vai a crear algún posto de traballo efectivo?
- Cando está previsto encetar a produción nesta central hidroeléctrica de O Rexo?

Responde o Alcalde sinalando que unha das aportacións que ten Allarluz procedente do concello é a minicentral, de O Rexo de 500 kw, aproveitando as antigas instalacións existentes no río Arnoia que foron parte da fábrica de luz e Valverde, propiedade da familia Conde Valvís. Inicialmente o proxecto presentado incluía ampliacións da presa, finalmente decidiuse manter a captación da presa existente e polo tanto fíxose necesario que a empresa, o socio maioritario, Allarluz, procedera a unha regularización da planificación para adecuar o funcionamento da minicentral a esa situación; esa tramitación burocrática coa Confederación Hidrográfica tivo ese obxectivo. En relación á participación do concello no accionariado ten o 9,45% do capital social que se corresponde con 2.608 accións nominativas subscritas no seu día por un valor nominal de 60 euros.

9.2 O mesmo día que a Corporación Municipal de Allariz facía entrega por primeira vez do premio "Allariz, Vila de Vida", saía publicado en tódolos medios de comunicación un lamentable suceso que algún titulou do seguinte xeito: "Los cacos asalta a la Policía Alaricana".

Nas novas do día se daba conta da misteriosa desaparición da cantidade de 4.000 € que estaban depositados en custodia na oficina de obxectos perdidos, situada nas dependencias da Policía Local de Allariz.

As reaccións que nese día se escoitaban polas rúas da vila eran de sorpresa, estupefacción, asombro, incredulidade e preocupación por ver manchado o nome do concello que pretende conseguir a cualificación de grande influencia turística, salpicado por esta noticia tan desagradable e perniciosa.

Como queira que un suceso desa natureza afecta profundamente aos principios básicos que deben imperar na nosa administración local, e a imaxe pública do noso concello, e polo que veño a formular as seguintes,

PREGUNTAS:

1. Considera a Alcaldía, órgano do que depende a Policía Local, a posibilidade de aperturar unha investigación interna sobre o acontecido, para logo depurar as responsabilidades a que houbera lugar?
2. Coa denuncia presentada no cuarte da Garda Civil de Allariz, dáse por rematado todo este desagradable episodio?
3. Que medidas pensa tomar o Alcalde para evitar no futuro que estes acontecementos poidan ocorrer?
4. Como funcionaba deica o suceso acontecido, a Oficina de Obxecto Perdidos en Allariz?
5. Cales son as modificacións que pensan introducir para que nunca volva a acontecer algo semellante?
6. Como pensa recuperar a confianza na institución local, menoscabada por este desgraciado suceso?
7. Contan os servizos municipais que manexan cartos, con tódalas medidas de seguridade que eviten sucesos desta natureza?

Responde o Alcalde sinalando que o concello de Allariz ten por norma, e así ten indicado, que todos aqueles servizos que cobran entrada para algunha actividade ou servizo, sinaladamente a piscina municipal e casa de cultura, que debe ingresarse diariamente nas contas bancarias municipais, e tamén as propias dependencias municipais. En ningún caso, se fai unha recadación que permaneza nas dependencias municipais. Como método ordinario a recadación efectúase a través das entidades bancarias e só cando hai un ingreso nas dependencias municipais faise o ingreso en conta bancaria de xeito inmediato, o cal ten propiciado que non teñamos ningunha casuística no funcionamento dos servizos municipais en relación a esa problemática de manexo de fondos públicos. É certo que ten habido algún roubo, con rotura de portas na Casa da Cultura sen que teña habido perxuízos na facenda municipal. En relación ao problema que se suscita coa oficina de obxectos perdidos, obviamente coincide na gravidade do sucedido e recoñece que, aínda sendo a través dun roubo, non é acaído o procedemento existente no funcionamento da oficina de obxectos perdidos que estaba a cargo a Policía municipal e nas dependencias da policía municipal e que, en ningún caso, figuran como fondos municipais, senón que, igual que outros obxectos, e de acordo co Código Civil, pasado un período poden ser subastados e en caso de efectivo tamén hai unha regulación específica no Código Civil para a súa devolución ou entrega ós propietarios ou a quen os encontraron.

Sobre esta circunstancia o primeiro que fixo o concello foi facela pública, considerouse que se debía dar a coñecer, unha vez que a Policía municipal que custodiaba ese diñeiro encontrado por un veciño de Allariz, tan pronto se coñeceu tanto polo Sr. Secretario como polo Alcalde acordouse presentar denuncia inmediata diante da Garda Civil a cal está actualmente facendo as pesquisas necesarias, interrogando a todas aquelas persoas que tiñan relación coas dependencias da Policía local, que non é un amplo abano e polo tanto estamos agardando que a propia Garda Civil remate a instrución do atestado para coñecer si cabe algún tipo de actuación municipal a maiores desta que estamos a comentar. Coida o Alcalde que hai que asumir a responsabilidade desa situación, pasar a facer unha regulación da oficina de obxectos perdidos, cun regulamento que debatiremos no Pleno da corporación e que para esta sesión non se pudo traer porque o único antecedente que temos é o do Concello de Madrid, pero a casuística que se da alí é moi

diferente, e polo mesmo estase traballando para convocar unha comisión informativa que traiga unha proposta ao Pleno. Polo tanto os cambios, as garantías, van ter que reflexarse nise documento. A dificultade que se prantexou ate de agora era que eses fondos non son fondos municipais, non son fondos que deban aparecer nunha conta municipal como tesourería propia do concello, polo mesmo, a opinión do Sr. Secretario motivou a custodia directa dese efectivo nas dependencias da Policía municipal, porque non é factible que ningunha persoa a título particular abra unha conta bancaria. Ao mesmo tempo estaba a dificultade de que a institución como tal, nas contas que hai que facer, no que é o balance, no control que fan o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, actas de arqueo e demais, se se abre unha conta municipal esa conta figura na conta xeral, non se pode tachar, e polo tanto esa era a problemática; obviamente, cando se fala de cantidades pequenas, irrisorias, non teñen dificultade, pero neste caso cando son catro mil euros, é unha cantidade moi relevante. Asumimos, sinala, a responsabilidade política, pensamos que o que se podía facer fixemos o correcto en relación á denuncia para poñer en marcha un procedemento para esclarecer esta cuestión e asumimos que, dende logo, aínda que fora a través dun furto, a actuación non foi dilixente; non é de recibo que das oficinas da Policía municipal desaparecera esa cantidade. En relación ás outras cuestións pensa o Alcalde que xa están constestadas e polo tanto podese debatir mais en datalle cando se presente na comisión informativa previa ao Pleno o regulamento que regule a oficina de obxectos perdidos.

9.3 A Deputación Provincial de Ourense vén de publicar no BOP de data 3 de agosto de 2017, o programa de cooperación en **materia de mocidade** para este vixente exercicio. En relación con esta convocatoria escasa na contía da subvención, se formulan as seguintes,

PREGUNTAS:

1. Presentou en tempo e forma o Concello de Allariz a oportuna solicitude para poder optar a esta subvención en materia de mocidade?
2. De selo caso, e diante da súa concesión a que programa ou que finalidade vai ter a mesma?

Responde o Alcalde sinalando que dentro das tramitacións que fai a Casa da Mocidade, efectivamente, presentouse a solicitude, está concedida a subvención, e incorporárase ao funcionamento da Casa da Mocidade nas partidas correspondentes.

9.4 Mediante a Resolución de 11 de abril de 2017, da Dirección Xeral do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, publicouse a convocatoria do programa de axudas para actuacións de renovación das instalacións de alumeadado exterior municipal.

A finalidade destas axudas é a realización de actuacións de renovación das instalacións de alumeadado exterior municipal que minoren as emisións de dióxido de carbono mediante a mellora da eficiencia enerxética.

Dado que o noso concello soporta un gasto importante en enerxía eléctrica e conta cun alumeadado público extenso, e polo que vimos a formular as seguintes,

PREGUNTAS:

- 1ª).- Solicitou o Concello de Allariz estas axudas para a renovación do alumeadado público exterior?
- 2ª).- Cales son as zonas do municipio que se verán favorecidas por esta renovación de luminarias?
- 3ª).- A canto ascende o orzamento total desta iniciativa no noso termo municipal?

Responde o Alcalde sinalando que, como xa se avanzou na sesión plenaria anterior, estase pechando a preparación e redacción dun proxecto ó IDAE que ten por obxecto a incorporación de todo o alumeadado público do Casco Histórico, estanse debatindo co autor do proxecto cuestións que

teñen que ver coa estética dese alumado en relación ó actual. Ademais do propio aforro, estase valorando facer algunha proba con luminarias que teñen avanzado moito dende o punto de vista técnico e que non necesitan mais que a enerxía solar para o seu funcionamento e cun grao de autonomía suficiente para esa iluminación, porque no Casco o cableado son os elementos que mais inciden. Estase polo tanto nesta fase, se ben se ten claro que a finalidade prevista é a do Casco Histórico pola importancia do consumo que ten. Mentras, como xa coñece o propio pleno, estanse acometendo obras de renovación do alumado público no Parque Empresarial de Chorente para cambiar as luminarias e se produza un importante aforro enerxético.

9.5 En relación coa Orde 1932/2014 pola que se convoca a presentación de solicitudes mediante concorrencia competitiva ao Programa **1,5% cultural** do Ministerio de Fomento, vimos a formular as seguintes,

PREGUNTAS:

¿Presentou o Concello de Allariz algún proxecto de conservación ou enriquecemento de algún inmovible, que poida encaixar neste tipo de axudas de carácter patrimonial?

Responde o Alcalde sinalando que se ten estudado en mais dunha ocasión en relación a actuacións no Castelo, tamén para Santa Mariña, porque estas axudas están ligadas á realización de obra pública no propio concello, en todo caso, eso significaba unha maior puntuación. O certo é que, aínda non tendo moita confianza na posibilidade de obter esa financiación, estívose preparando documentación, non para esta anualidade, senón para anualidades anteriores, que finalmente, dada a complexidade das peticións que había que incorporar, mesmo con autorizacións administrativas doutras entidades sectoriais, non foi posible presentalas. Con todo, non son proxectos de fácil concesión para concellos da nosa dimensión. O Ministerio ven concedendo estas subvencións vía presentación de propostas por Comunidades Autónomas. De todos xeitos, é unha vía que se podería estudar, pero neste momento o concello non ten presentada unha proposta.

Oralmente, a portavoz do grupo socialista formula as seguintes:

9.6 Nos primeiros días de setembro coñeceuse polos medios de comunicación que un **verquido no río Arnoia provocou a morte de peixes**.

Preguntas:

¿Coñecemos o resultado dos informes da Confederación Hidrográfica do Miño Sil e as explicacións da Consellería de Medio Ambiente?

¿Ten coñecemento o concello da presentación dunha denuncia por parte da Sociedade de Pesca Alaricana por estes desgraciados feitos?

¿Cásles son as medidas previstas polo concello para que isto non volva acontecer?

Responde o Alcalde sinalando que, no día de hoxe, por parte da empresa concesionaria do servizo de augas trasladounos os informes das analíticas correspondentes ós puntos de verquido do control augas arriba e augas abaixo e non hai ningunha indicación de verquido que provocara esa situación. Coincidimos que o río Arnoia ten un grave problema nos meses de verán, sobre todo en momentos de gran sequía, e cando caen 45 l/m² nun período de tempo moi reducido non hai sección posible da rede de pluviais que recolla ese caudal. Afortunadamente, nistes casos, o comportamento da nosa orografía non se comporta como en zonas de rambla que crean desgracias persoais, pero si que hai posibilidade de entrada en carga da rede de saneamento, de modo que os aliviadeiros que ten na zona da acearrica, tamén na zona da ponte e no Portovello, así como na zona da entrada á depuradora non son suficientes. De feito, unha das cousas que se ten demandado á Condeceración é a construción dun tanque de tormentas que axudaría a reducir esa situación; pero outro dos problemas que ten o río é que o mínimo de caudal que ten augas abaixo é moi escaso. Si tivera unha maior lámina de auga como hai nas presas augas arriba non habería ese problema porque os verquidos de tormenta tamén se produciron na beira da Acearrica e na beira do Portovello e aí non houbo mortandade porque a lámina de auga ten certa capacidade para diluir os efectos desa contaminación que poda xurdir por unha situación dese tipo. En definitiva, cree que hai que actuar conxuntamente coa Confederación Hidrográfica para, por unha parte, proceder á construción dun parque de tormentas para o que o concello ten ofertado a súa colaboración, é ó mesmo tempo esta proba que a política que ten feito o concello,

en algún caso con sanción da propia Confederación por non querer tramitar esas autorizacións, é correcta, tanto na recuperación da presa da Acearrica como á hora de recuperar e manter as presas, que non só é unha cuestión estética para o turismo senón que para o propio río é importante. Polo tanto, augas abaixo, recuperar as presas do Soso e a presa intermedia ata chegar á presa do Briñal sería importante. Con todo, alégrase de que, segundo os datos que ten o concello, a mostra non dirá ningunha relación co verquido é ao mesmo tempo procúpanos que o río Arnoia neste contexto e con esa situación sexa vulnerable.

9.7 Mediante a Orde do 12 de setembro de 2017 a Consellería de Economía, Emprego e Industria convocou subvencións para a contratación de **axentes de emprego e desenvolvemento local**, ¿vai demandar o concello de Allariz esta axuda?

Responde o Alcalde sinalando que o concello ten concedida neste momento unha axuda para o servizo de orientación laboral por importe de 20.000 euros; tendo en conta que para os axentes de emprego esíxese unha contratación externa e as funcións se poden facer en boa medida os servizos de orientación que se vai prestar conxuntamente con outros concellos da comarca, neste caso considérase que se pode prestar o servizo a través de orientación laboral.

9.8 No DOG de 17 de setembro de 2017 publicase o anuncio de **sometemento a información pública do estudo de ordenación e delimitación de treitos urbanos de solo de núcleo rural na rede autonómica de estradas de Galicia**, dado que este asunto afecta directamente ó noso concello xa que contamos con dúas estradas que percorren o municipio, OU-300 e OU-320, con afección dunha serie de núcleos rurais, pregunta:

¿Qué actuacións vai realizar o concello en relación con esta cuestión?. ¿Cómo afecta á normativa urbanística municipal esta delimitación?.

¿Pensa o concello informar directamente ós veciños afectados por esta delimitación e que teñen un prazo dun mes para presentar alegacións?.

Responde o Alcalde sinalando que, efectivamente, trasladouse ó concello esa proposta, foi trasladada de inmediato ós servizos técnicos municipais para facer un análise das consecuencias e incidencia que pode ter e, en base a eso, estudar a posibilidade de presentar alegacións ou non, porque de facelo habería que consensualas cos propios veciños afectados. Unha vez que se reciba o dictamen da Arquitecta e do Aparellador municipais procederase a facer ese traballo.

9.9 Por último, recórdalle a portavoz que o Sr. Alcalde ten pendente de resposta o **asunto da bandeira do BNG posta no quiosco da Acearrica, a relación de usuarios dos hortos urbanos, resultado da enquisa ós visitantes, a publicación por parte do concello das conclusións da enquisa feita por Xan de Arzúa e a relación de subvencións non nominativas ao tecido asociativo de Allariz concedidas no 2016 e cando se van ingresar as do 2017.**

Responde o Alcalde sinalando que, roga ao Sr. Secretario de que tome razón na acta para facer facer esa contestación próximamente

Polo grupo municipal do Partido Popular, a súa portavoz, Luz Doporto Real, formula oralmente as seguintes preguntas:

¿Cáles son os criterios obxectivos para dar os permisos aos locais de Allariz para poñer postos de pulpeiras.

Responde o Alcalde sinalando que, en relación con esta cuestión téñese en conta o uso e costume, pero non é algo que non é tan discrecional, procúrase que sexa a Policía municipal a que faga un informe sobre as condicións da beirarrúa, seguridade vial, capacidade para o tránsito, condicións hixiénicas da instalación e, en base a ese informe, o concello accede ou non á petición. De todas formas son contados os postos, xa que, para que non haxa trato de favor, teñen que pagar a mesma taxa que pagan os pulpeiros que veñen á feira, estando obrigados a cumprir os mesmos requisitos que teñen o seu sitio na campo da feira. Cubren este servizo os días de feira o 1 e o 15, tamén nos fins de semana, pagando a parte que lles corresponde. Están en zonas específicas: fronte ó bar que hai na rúa Emilia Pardo Bazán diante do Instituto e na estrada de Xunqueira, fronte ó Bar A Cova, e téñense solicitado outras propostas que a Policía municipal non ten considerado adecuadas polas circunstancias que antes se dixo.

E non tendo mais asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, dando por terminada a sesión, ordenou o seu levantamento, ás vinteunha horas e vintedúas horas do mesmo día do seu comenzo, do que eu, como Secretario, certifico e dou fe. O ALCALDE, Francisco García Suárez. Dou fe, o Secretario, Maximino Jardón Pedras. DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE.